



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 1 de xullo de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Meira. (expediente IN407A 2020-04AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: " AMPLIACION DE POTENCIA CT MEIRA 2699 Y LÍNEA DE BAJA TENSIÓN PARA NS 46419 SAN ROQUE 34 MEIRA"
- Situación: concello de Meira
- Características técnicas:
 - Substitución do transformador existente no CT Meira (2699) de 160KVA por un de 400KVA e relación de transformación 20.000/400-230V.
 - Liña soterrada de Baixa Tensión con orixe no cadro de baixa tensión do CT Meira (2699) e final na CXP do novo subministro, cunha lonxitude de 200 metros en condutor XZ1-240.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 1 de xullo de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 1432

CONCELLOS**ALFOZ***Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a Conta Xeral correspondiente ao exercicio 2019, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convintes.

Alfoz, 06 de xullo de 2020.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1436

BURELA*Anuncio***EXPEDIENTES 189/2020 E 190/2020. EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XANEIRO 2020.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 22 de abril de 2020 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 6.896,29 €, correspondendo 1.180,80 € a libre concorrència e 5.715,49 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 02 de xullo de 2020.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1437

*Anuncio***EXPEDIENTES 365/2020 E 366/2020. EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. FEBREIRO 2020.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 22 de abril de 2020 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de febreiro de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 6.660,47 €, correspondendo 942,00 € a libre concorrència e 5.718,47 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante

o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 02 de xullo de 2020.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1438

CERVANTES

Anuncio

APROBACIÓN DE PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

O Pleno do Concello de Cervantes en sesión ordinaria celebrada con data 01 de xullo de 2020, adoptou acordo de aprobación do expediente núm. 166/2020 de aprobación do Plan económico financeiro 2020-2021 por incumprimento da regra do gasto na liquidación do orzamento do exercicio 2019.

En cumprimento do previsto nos artigos 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, a aprobación acordada sométese a información pública con finalidade exclusivamente informativa.

Así mesmo, a efectos exclusivamente informativos, unha copia do Plan económico financeiro acharase a disposición do público no Concello e na súa sede electrónica [<http://cervantes.sedelectronica.gal>].

Cervantes, 6 de xullo de 2020.-O Alcalde,Benigno Gómez Tadín.

R. 1439

COSPEITO

Anuncio

Modificación do calendario fiscal para o exercicio 2020

O 2 de xullo de 2020, a alcaldía ditou unha resolución mediante a que aproba a modificación do calendario fiscal correspondente ao exercicio 2020 nos seguintes termos:

“PRIMEIRO.- Aprobar a modificación puntual do calendario fiscal do contribuínte do exercicio 2020 fixando un novo período voluntario de ingreso da taxa polo servizo de abastecemento de auga, servizo de sumidoiros, servizo de recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga e da taxa do aproveitamento especial do dominio público para entrada de vehículos e con caixeiros conforme ao seguinte detalle:

Concepto	devengo	Período voluntario de cobranza	
		Inicio	Remate
Taxas abastecemento de auga. Taxas servizo de sumidoiros Taxas servizo de recollida domiciliaria de lixo Canon autonómico de auga	1º T 2020	03/08/2020	01/10/2020
Taxas abastecemento de auga. Taxas servizo de sumidoiros	2ºT 2020	03/08/2020	01/10/2020

<i>Taxas servizo de recollida domiciliaria de lixo</i> <i>Canon autonómico de auga</i>			
<i>Taxa por aproveitamento especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo a vía pública</i>	<i>Liquidación anual por padróns</i>	03/08/2020	01/10/2020
<i>Taxa por aproveitamento especial da vía pública con entradas de vehículos e reserva de vía pública</i>	<i>Liquidación anual por padróns</i>	03/08/2020	01/10/2020

SEGUNDO. Esta modificación do calendario é susceptible de impugnación en vía contencioso –administrativa polos que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.

TERCEIRO. Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal

CUARTO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.”

.”

Cospeito 2 de xullo de 2020.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1440

FRIOL

Anuncio

No concello recibíuse escrito remitido polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Lugo, en relación co recurso contencioso administrativo procedemento ordinario 105/2020 P, contra resolución do Concello sobre denegación de licenza de obra, data 27 de xaneiro de 2020, interposto por Neal letum Taher. A requerimento do Xulgado, remitírase o expediente obrante nas oficinas municipais.

O que se fai público mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que cantos se consideren interesados no expediente poidan persoarse no recurso no prazo de 9 días. O edicto servirá de notificación, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, para tódolos afectados que resultaren descoñecidos, se ignore o seu enderezo, ou ben tramitada a notificación, non puidesen ser citados persoalmente.

Friol, 06 de xullo 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

1441

LÁNCARA

Anuncio

O Pleno do Concello de Lánacara en sesión ordinaria realizada o 02/06/2020 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 7/2020 do orzamento xeral do Concello de 2020. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 09/06/2020 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estados do gastos

Capítulo I	Gastos de persoal	1.029.348,70
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	1.228.705,02
Capítulo III	Gastos financeiros	1.455,16
Capítulo IV	Transferencias correntes	45.280,68
Capítulo V	Fondo de continxencia	8.500,00

Capítulo VI	Investimentos reais	495.713,18
Capítulo VII	Transferencias de capital	4.500,00
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	6.942,57

Estado de ingresos

Capítulo I	Impostos directos	617.335,05
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	274.852,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	1.362.791,80
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.379,25
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	182.953,15
Capítulo VIII	Activos financeiros	351.134,06
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, 6 de xullo de 2020.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1442

Anuncio

Por resolución de alcaldía do Concello de Láncara de 5 de xullo de 2020, unha vez concluído o procedemento selectivo, noméase funcionaria de carreira a dona Ana Carballal Fernández, titular do DNI 33.345.069-Z, para cubrir a praza de administrativo correspondente á oferta de emprego público de 2019 (BOP Lugo nº 82 de 9 de abril de 2019).

O que se fai público aos efectos do artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e do artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Provisional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Láncara, 6 de xullo de 2020.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 1443

LUGO*Anuncio*

Aprobación de bases de selección para a contratación de 2 socorristas para o servizo: vixilancia e salvamento acuático en áreas recreativas fluviais con zona de baño- campaña 2020.

Por acordo da Xunta de Goberno local adoptado en data 8/07/2020 aprobárense as bases de selección para a contratación de 2 socorristas para o servizo: salvamento acuático en áreas recreativas fluviais con zona de baño- Campaña 2020, do seguinte teor literal:

Examinado o expediente tramitado para os efectos conforme aos seguintes

I.- ANTECEDENTES DE FEITO:

- Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 16/05/2020 de concesión de subvención por importe de 6.000 euros para a contratación de 2 traballadores desempregados coa categoría de SOCORRISTAS durante dous meses a xornada completa.

- Informe do Sarxento Xefe de Bombeiros 3 de xullo de 2020 de que para poder executar este programa de carácter anual, desde o ano 2004, se procedía á contratación subvencionada pola Xunta de Galicia (Fomento de Emprego), de 6 socorristas, traballando a turnos, mínimo número indispensable para poder garantir razoablemente a seguridade das persoas que utilizan en zonas libres as augas de baño fluviais.

Para poder lograr os obxectivos do programa (atención a xornada completa, 7 días da semana) se considera necesaria, a dotación de 6 socorristas, por ello se propón a contratación temporal de outros catro, para completar o equipo necesario, con cargo aos orzamentos municipais.

Se detallan os requisitos do citado persoal:

CATEGORIA /NIVEL PROFESIONAL

Oficial 1º (Socorrista en espazos acuáticos naturais)

REQUISITOS DO PERSONAL

1º) Carné de conducir tipo B, e competencia profesional - **Socorrista en espazos acuáticos naturais**- de acordo coa normativa vixente mediante acreditación expedida pola Xunta de Galicia, u outras CC.AA.

Non se considera a experiencia. O artº 14 *Requisitos e criterios para a selección dos traballadores-as* no punto 3 apartado b da citada Orde) *En ningún caso poderá incluírse ou admitirse como criterio de selección a posesión de experiencia laboral e no apartado c) Poderán admitirse como criterios de selección os relativos á titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estén xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes cola resolución da concesión.*

-TIPO DE XORNADA

Completa (a turnos)

-DURACIÓN EN MESES

2 meses.

Propónse a proba práctica e o concurso para a contratación dos socorristas.

Compróbase que na plantilla presupostaria aprobada hai 4 postos de socorristas na función 24100 de Temporais, e que dende o Servizo de Intervención comunican a insuficiencia de crédito para os outros dous postos.

En base ao cal se propón para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- APROBAR as Bases do Procedemento Selectivo, co seguinte contido:

1.- **OBJECTO DO PROCESO SELECTIVO:** Contratación de 4 socorristas para o servizo de interese social: **“Vixiancia e salvamento acuático en áreas recreativas fluviais con zona de baño”**

2.- **TITULACIÓN REQUIRIDA:** Estar en posesión do título de graduado en ESO, graduado escolar, titulación superior ou equivalente. Carné de conducir tipo B e competencia profesional -Socorrista en espazos acuáticos naturais- de acordo coa normativa vixente mediante acreditación expedida pola Xunta de Galicia u outras CCAA.

3.- **PRESENTACIÓN DE OFERTA DE EMPREGO /CONVOCATORIA PÚBLICA**

- 2 SOCORRISTAS SUBVENCIONADOS POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA. *“Apartado 3. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán os traballadores e as traballadoras que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e ás características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados.”*

“Apartado 7. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.”

- 2 SOCORRISTAS A CARGO DO ORZAMENTO MUNICIPAL. Deberase publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que durante un prazo mínimo de 5 días hábiles a contar desde a publicación do anuncio no BOP, os interesados presenten instancia solicitando participación na proba práctica. No caso de que queden desertas, cubriranse estes postos coa lista de reserva do apartado anterior.

4.- **SISTEMA SELECTIVO:** Constará de dúas fases:

A) Realización dunha proba práctica de SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO, PROBA COMBINADA. TEMPO MÁXIMO 3 MINUTOS.

- **Material Necesario**

- Gorro .
- Bañador.
- **Posición Inicial**
- De pé fora da auga
- **Inicio da Proba:**
- En posición inicial
- Dase a saída do/a aspirante
 - Listo/a
 - Cronómetro a cero
 - Xa!!
 - Empeza a contar o tempo
- Entrada na auga de pé sen afundir a cabeza para non perder a visión.
- **Comezo do nado**
- 50 mt nado libre con volteo ou viraxe.
- Impulso na parede
- **Buceo** aproximado de 15 mt
- **Recollida do maniquí de salvamento do fondo con posibilidade de impulso para comezar o arrastre.**
- **Remolque e arrastre do maniquí de salvamento aproximadamente 35 mt**
- Agarre óptimo e seguro do maniquí.
- A cara do maniquí non se debe de somerxer na auga
- No viraxe o final da rúa o/a aspirante pode impulsarse para iniciar o final da proba.
- O tempo finaliza cando o/a aspirante toca a parede finalizando os 100 mt.

Computaranse os tempos obtidos asignando 10 puntos ao mellor tempo, decrecendo media punto en orde inversa segundo o tempo de realización da proba, asignando 0 puntos aos aspirantes que se excedan do tempo máximo de 3 minutos.

B) BAREMO DE MÉRITOS.-

1.- Titulación:

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados ata un máximo de 0,50 puntos. Non será puntuada a titulación esixida para a praza a que se opta:

- Título de bacharelato superior, formación profesional de 2º grao ou ciclo superior ou equivalente: 0,50 puntos.

2.- Formación.

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos.
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos.
- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos.
- Mais de 160 horas: 0,75 puntos.

3.- Coñecemento do Galego:

Pola realización ou validación, se é o caso, do curso de iniciación á lingua galega ou Celga 3: 0,50 puntos. E pola realización ou validación, se é o caso, do curso de perfeccionamento da lingua galega ou Celga 4: 1 punto. A puntuación máxima deste parágrafo será de 1 punto.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.
- 2) Solicitante de maior idade.

En tódolos casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega o/a aspirante.

5) TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Presidente:

- Don Miguel López Palacios, Sarxento Xefe de Bombeiros do Concello de Lugo.

Suplente: Don José Antonio Carreira López, cabo de bombeiros do Concello de Lugo

Vogais:

- Don Manuel Antonio Trabada Gómez, responsable de instalacións deportivas do Concello de Lugo.

Suplente: Fernando Timiraos Carrasco. Encargado de Monitores Concello de Lugo

- Don Eduardo López Dorado, Bombeiro Condutor do Concello de Lugo

Suplente: don Antonio Abuín Fernández, Bombeiro Condutor do Concello de Lugo.

- Don Marcos Rodríguez Baliña, Bombeiro Condutor do Concello de Lugo.

Suplente: Don David Bruck Alvarez, Bombeiro Condutor do Concello de Lugo.

Secretaria:

Dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo

Suplente: Dona Amparo Rubinos Hermida, Xefa de Sección de Estatística do Concello de Lugo.

6) RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime.

Lugo, 9 de xullo de 2020.- Tenenta Alcadesa delegada da Área de Gobernanza, Paula Alvarellos Fondo.

R. 1483

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

No Boletín Oficial da Provincia nº 053 do 4 de marzo de 2019, foron publicadas as “BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NO MARCO DO ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 26 DE OUTUBRO DE 2018, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) 11ª FASE, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018 – 2021” (Aprobadas por Resolución da Alcaldía o 25 de febreiro de 2019).

Tralas subvencións concedidas en dito marco, queda un remanente de crédito para esta finalidade. É por iso que en base ás mesmas condicións e requisitos do que figura no BOP de Lugo do 04/03/2019, ábrese un novo prazo de solicitudes dende o día da publicación deste anuncio no BOP ata o día 17 de xullo de 2020, ambos incluídos.

Monforte de Lemos, 8 de xullo de 2020.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1459

SAMOS

Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de réxime local, faise público que por resolución de Alcaldía de data 06/07/2020 aprobáronse as “BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO

SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UN/UNHA TRABALLADOR/A DA OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.” e ábrese un período de presentación de instancias de cinco (5) días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación do presente Anuncio no B.O.P. de Lugo.

O texto íntegro da citada Resolución de Alcaldía e as Bases poderán consultarse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, no enlace concellosamos.sedelectronica.gal, e no taboleiro de anuncios físico do concello.

Samos, 6 de xullo de 2020, O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 1433

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO DE 2020

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 2020-0200 de data 1 de xullo de 2020, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de xuño de 2020 polo importe total de 5.319,49€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro 02 de xullo de 2020.-O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1444

VILALBA

Anuncio

Expediente n.º: 1181/2020 Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 2/2020, de suplemento de crédito 1/2020

O Pleno deste Concello en sesión celebrada o 25 de maio de 2020 aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos 2/2020 de suplemento de crédito. Transcorrido o prazo de exposición ao público sen que se presentaran reclamacións, considérase definitivamente aprobado o expediente, e de conformidade co recollido nos artigos 177.2 e 169.3 TRLRFL, faise público o resumo por capítulos do orzamento do exercicio 2020, prorrogado o do 2019 que queda, tras a contabilización do referido expediente, como segue:

ESTADO DE GASTOS:

CAPITULO	CREDITO DEFINITIVOS(€)
I.- GASTOS DE PERSONAL	2.968.079,54
II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	7.195.595,00
III.- GASTOS FINANCIEROS	0,00
IV.- TRANSFERENZAS CORRENTES	664.624,00
VI.- INVERSIONS REAIS	541.000,00
VII.- TRANSFERENZAS DE CAPITAL	75.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
IX.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL	11.444.298,54

ESTADO DE INGRESOS:

CAPITULO	PREVISIONS DEFINITIVAS(€)
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	4.165.000
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	160.000
III.- TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.534.367,58
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.648.545,92
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	7.200,00
VI.- ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	0,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	309.846,15
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL	11.824.959,65

Contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, no prazo de dous meses contados a partir da data da aprobación definitiva.

Vilalba, 26 de xuño de 2020.- A alcaldesa, Elba Velero Fernández.

R. 1434

*Anuncio***Anuncio de aprobación definitiva da modificación 1/2020 das Bases de Execución do orzamento do exercicio 2020. Relación nominal de subvencións**

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de modificación das bases de execución do orzamento, relativo á relación de subvencións nominativas para o exercicio 2020, por acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de maio de 2020 e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público; en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise pública a entrada en vigor da seguinte modificación:

Aprobar a relación nominal de subvencións, nos artigos 41-42-43, das Bases de execución do orzamento do exercicio 2019 prorrogado para o 2020, integrada pola seguinte relación de subvencións nominativas:

PARTIDA	ENTIDAD	CIF	Nº REGISTRO	CONCEPTO	IMPORTE
312.48905	HOSPITAL ASILO	G27472927		Atención personas con enfermidade neurodegenerativa y asistencia residencial en emergencia social	90.000
135.48934	PROTECCIÓN CIVIL	G27190636		Mantemento e funcionamento da Asociación	2.000
312.48907	PELUDIÑOS	G27485572	87/2017	Atención a animais abandonados	4.000
920.48908	FEGAMP-FEMP	V15160963		Mantenimiento y funcionamiento de la asociación	2.000

334.48910	CORAL POLIFONICA VILALBESA	G27015734	12/2010	Difusión a todos los niveles de la actividad musical	4.000
341.48912	CLUB TENIS VILALBES	G27183268	72/2016	Fomentar actividades sociales y competitivas del club	5.000
341.48916	RACING CLUB VILALBES	G27119858	46/2014	Desarrollar el deporte base	30.000
341.48917	CLUB LOITAS OLIMPICAS VILALBA	G27213131	51/2014	Potenciar la proyección nacional e internacional del club	9.000
2310.48918	FUNDACION VILALBA TERRA CHA	G27244169		Mantenimiento coste servicio protección personas con discapacidad intelectual	50.000
341.48919	CLUB VILALBA FUTBOL SALA	G27247667	4/2010	Desarrollar la actividad competitiva	9.000
312.48923	EXALCOHOLICOS	G27431428	30/2012	Programa de actuaciones destinadas a rehabilitación de personas alcohólicas	10.000
334.48925	IESCHA	G27268085	09/2010	Difusión de la cultura gallega en todas las órdenes principalmente en lengua, historia y tradiciones	4.500
334.48927	CENTRO CULTURAL	V27014745	22/2011	Promoción y desarrollo de actividades culturales y educativas	2.000
334.48928	CORAL LUAR	G27171917	1/2010	Promoción e interpretación música polifónica en todas sus variantes	4.000
338.48958	ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	G27347632	45/2013	Organización da festa Indiana	3.000
2310.48930	ASOCIACION CULTURAL GALEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	G15496607		Aulas de la Tercera Edad para la mejora de la calidad de vida de las personas mayores	3.500
2310.48931	AFALU	G27285980		Desarrollo taller actividades para personas con Alzheimer u otras enfermedades neurodegenerativas	1.000
341.48932	ASOCIACION CULTURAL EN MOVIMIENTO	G27483577	81/2017	Promoción de competiciones nacionales e internacionales	5.000

341.48936	CLUB DEPORTIVO SANTABALLES	G27142686	44/2013	Desarrollo de la actividad competitiva	3.000
341.48937	ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA GOIRIZ DE VILLALBA	G27023019	59/2015	Desarrollo de actividad deportiva	2.000
341.48938	CLUB DEPORTIVO ALBENSE	G27159615	88/2017	Acondicionamiento de instalaciones	1.500
341.48939	CLUB TDM VILALBA	G27425149	38/2012	Desarrollar la formación base	2.000
341.48940	AGRUPACION POLIDEPORTIVA SAN RAMON DE VILALBA	G27444082	57/2015	Desarrollar actividades en la comarca	2.000
341.48941	CLUB BALONCESTO TERRA CHA	G27412683	43/2013	Impulsar nuevas actividades deportivas	2.000
334.48945	ASOC. PLAZA SAN XOAN	G27491000	85/2017	Desarrollar actividades culturales y lúdicas para los vecinos	2.000
334.48946	ESMUVI	G27493303	89/2017	Mantemento e funcionamento da asociación	1.500
334.48947	ASOC. MULLERES INSUA	G27375856	3/2010	Mantemento e funcionamento da asociación	3.000
334.48951	ASOCIACIÓN CULTURAL DE NETE			Mantemento e funcionamento da asociación	3.000
341.48907	ASOCIACION DEPORTIVA CATRO ROLDAS	G27234905	27/2012	Mantemento e funcionamento da asociación	1.000
341.4852	CLUB PÁDEL VILALBA	G27490606	88/2017	Mantemento e funcionamento da asociación	1.500
341.48953	CLUBE ATLETISMO VILALBA	G27457837	50/2014	Mantemento e funcionamento da asociación	1.500
341.48954	CLUB DEPORTIVO CODESIDO	G27194307	56/2015	Mantemento e funcionamento da asociación	600

341.48955	CLUB CICLISTA TERRA CHÁ VILALBA	G27446558	47/2014	Mantemento e funcionamento da asociación	1.500
341.48956	CLUB CICLISTA VILALBA AS PONTES	G27269158	47/2014	Mantemento e funcionamento da asociación	1.000
341.48957	CLUB ATLÉTICO TERRA CHÁ	G27509843	103/2019	Mantemento e funcionamento da asociación	600
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS SANCOBAD			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS BOIZÁN	G27491257	86/2017	Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS MOURENCE			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS GOIRIZ			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS LANZÓS SAN SALVADOR			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS LANZÓS SAN MARTIÑO			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS ÍNSUA			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS ALBA			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS BELESAR			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS NETE			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS OLEIROS			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS COSTA			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS CORBELLE			Organización das festas parroquiais	1.200

338.48914	COMISIÓN DE FESTAS VILAPEDRE			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS SAMARUGO			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS SANTABALLA	G27476324	73/2016	Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS CODESIDO			Organización das festas parroquiais de O Remedios	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS TARDAD			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS ÁRBOL			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS RIOAVESO			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS CARBALLIDO			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS ROMÁN			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS LADRA			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS SOEXO			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS XOIBÁN			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS DISTRIZ			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS GONDAISQUE			Organización das festas parroquiais	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS CODESISO			Organización das festas parroquiais de San Martiño	1.200
338.48914	COMISIÓN DE FESTAS NOCHE			Organización das festas parroquiais	1.200

338.48914	COMISIÓN DE FESTAS TORRE			Organización das festas parroquiais	1.200
323.48948	ANPA ESCOLA EDUCACIÓN INFANTIL VILALBA	G-27254101	70/2016	Desenvolvemento de programas de conciliación da vida familiar e persoal. Curso académico 2020/2021	3.300
323.48949	ANPA DO CEIP MANUEL MATO VIZOSO	G27493527	90/2017	Desenvolvemento de programas de conciliación da vida familiar e persoal. Curso académico 2020/2021	3.300
323.48950	APA CEIP ANTONIO ÍNSUA BERMÚDEZ	G27119833	82/2017	Desenvolvemento de programas de conciliación da vida familiar e persoal. Curso académico 2020/2021	3.300
327.78009	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ESCOLA HABANERA DE TARDADE	G27383835	68/2016	Obras de rehabilitación da escola habanera	8.000
327.78010	ASOCIACIÓN DE CARBALLIDO			Obras de reforma da sede da asociación	15.000
327.78011	ASOCIACIÓN DE SANTABALLA			Obras de reforma da casa rectoral	15.000

O que se publica para os efectos previstos na lexislación citada, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, no prazo de dous meses.

Vilalba, 26 de xuño de 2020.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1435

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D/D^a SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 002 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/D^a JOSE MANUEL MENDEZ ZAPATA contra TRANSPORTES GONROMY SL, TRANSPORTES FLORENTINO PEREZ SL, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 927 /2016 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a TRANSPORTES GONROMY SL, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 29/10/2020 a las 11:35 horas, en Planta 4 - Sala 9 - Edif. Xulgados, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que,

trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **TRANSPORTES GONROMY SL**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

LUGO, seis de julio de dos mil veinte. **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1445

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº 003 de LUGO, FAGO SABER:

Que no procedemento ordinario nº 785/19 deste Xulgado do Social, seguidos a instancia de JOSE MANUEL CEA VIÑA contra a empresas ISEMPA S.L, ISEMPA SOLAR S.L, OTEGA INGENIERIA S.L , sobre , ditouse sentenza en data 29/06/20, cuxa parte dispositiva se adxunta:” **DECISIÓN.-Acollo a demanda formulada por José Manuel Cea Viña contra ISEMPA, SL, ISEMPA SOLAR, SL e OTEGA INGENIERÍA, SL polo que condeno a ISEMPA, SL, ISEMPA SOLAR, SL e OTEGA INGENIERÍA, SL ao pagamento solidario a José Manuel Cea Viña da cantidade de 13885,91 euros brutos, sobre os que se reportarán os xuros do 10 por cento.-As custas do procedemento (que incluírán os honorarios do/a letrado/a-graduado/a social da parte actora ata o máximo de 600 euros) serán aboadas por ISEMPA, SL, ISEMPA SOLAR, SL e OTEGA INGENIERÍA, SL.-Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que poden formular un *recurso de suplicación* ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, recurso que, de ser o caso, deberán anunciar ante este mesmo Xulgado mediante unha comparecencia ou por escrito no prazo dos cinco días hábiles seguintes ó da notificación da resolución e depositando as cantidades previstas legalmente na conta de depósitos e consignacións do Xulgado, indicando o número de autos.-De non se anunciaren o recurso contra a resolución, deberán archivarase as actuacións, logo de dalas de baixa no libro correspondente.-Así o acordo, decido e asino.-DALILA DOPAZO BLANCO, maxistrada do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.”**

E para que sirva de notificación en legal forma a **ISEMPA S.L, ISEMPA SOLAR S.L, OTEGA INGENIERIA S.L**, en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de LUGO.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións faranse fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da Oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

LUGO, 2 de xullo de dous mil vinte. **A LETRADO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**

R. 1446

Anuncio

D/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª JUSTO PRADO VAZQUEZ contra 2007 ROVI-LUGO SL, TESORERIA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL , INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL , FOGASA en reclamación por SEGURIDAD SOCIAL, registrado con el nº SEGURIDAD SOCIAL 0000453 /2016 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a 2007 ROVI-LUGO SL, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el **día 29/09/2020 a las 9.25 horas**, en Planta 4 - Sala 8 - Edif. Xulgados, **para la celebración del actos de juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno

de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **2007 ROVI-LUGO SL**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

LUGO, dos de julio de dos mil veinte.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1447
